

5 de xaneiro de 1999

Os Reis Magos de Oriente percorreron as rúas da cidade tirando miles de caramelos, para despois recibir e obsequiar con lambadas a tódolos nenos que o desexaron no adro de Santo Domingo. A organización deste acontecemento correu a cargo da Asociación de Amigos da Cabalgata, que contou co patrocinio do Concello.

12 de xaneiro 1999

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado dos concelleiros de cultura e de turismo, D. Francisco Díaz Pereira, e D. Andrés Beade Dopico, presentou na Sala Capitular do Concello un calendario de mesa con fotografías antigas e modernas da cidade, que reflexan a evolución de Betanzos neste século. O almanaque foi distribuído entre tódalas familias do municipio así como entre as sociedades e agrupacións de brigantinos existentes no estranxeiro.



Estudios Blanco: César

Xaneiro 1999

Neste mes comezou a funcionar nas dependencias do Centro Ocupacional, en Bellavista, a Axencia de Emprego e Desenrolo Local. Este organismo creouse para prestar asesoramento ós cidadáns en aspectos relacionados coa creación de empresas e a promoción do autoemprego.

15 de xaneiro de 1999

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, entregoulle unha placa conmemorativa a D^a Dolores García Pandelo, con motivo do seu centenario.



15-31 de xaneiro de 1999

O Edificio Arquivo albergou nestes días unha mostra do pintor Xosé Casal Vázquez. As rúas de Betanzos e as paraxes naturais da comarca conformaron parte do repertorio temático elixido.

20 de xaneiro de 1999

Tivo lugar a clausura dos actos organizados polo Centro de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón con ocasión do seu 75 aniversario. O acto, que estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, iniciouse cunha misa solemne oficiada polo vicario episcopal, D. Juan Cartelle, e unha conferencia polo profesor da Universidade Pontificia de Comillas, D. José Ramón Amor Pan. Tamén estiveron presentes, entre outros, o Director Xeral da Presidencia, D. Alfredo Vaquero, o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, D. Jaime Lafora, bisneto de D. Juan García Naveira, e a superiora xeral da Congregación das Irmáns Hospitalarias, D^a Teresa López Beorlegui.

O centro foi fundado en 1923 por D. Juan García Naveira, e dende a súa creación foi dirixido pola Congregación das Irmáns Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús.



La Voz de Galicia: Xosé Castro

22 de xaneiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha homenaxe ó Sainete, a cargo da Agrupación Teatral Mariñán. O grupo, dirixido por D. Daniel Martínez, puxo en escena tres pequenas pezas cómicas: *El Auxiliar* de M.I.R., *Los Pasionales* de Arniches e *Sangre Gorda* dos irmáns Quintero.

24 de xaneiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Qui pro quo*, a cargo do Grupo de Teatro Ollomol Tranvía. Esta representación estivo enmarcada dentro do convenio asinado entre o Concello de Betanzos e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

27-31 de xaneiro de 1999

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o Concelleiro de Turismo e Festexos, D. Andrés Beade Dopico e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, representaron á cidade de Betanzos na Feria Internacional de Turismo (Fitur). O lema escollido para dar a coñecer os atractivos turísticos da nosa cidade foi o de: *Betanzos: Un paseo por el cielo*. Tamén se editou un folleto turístico que recolle aspectos referentes ós atractivos turísticos que ofrece Betanzos. A delegación betanceira aproveitou para manter un encontro coa numerosa colonia betanceira no Centro Galego de Madrid.



La Voz de Galicia: Eduardo



Estudios Blanco: César

4 de febreiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o I Encontro de Big-Band en memoria do que fora director da Banda Municipal de Música, Antonio Cal Purriños. Neste acontecemento participaron a Big-Band do Conservatorio da Coruña, José Somoza Big-Band e Big-Band Presto Vivace. Con este encontro o Concello de Betanzos tratou de render homenaxe a este betanceiro, un dos grandes músicos cos que contou Galicia, ademais do recoñecemento da súa labours na recuperación da Escola Taller de Música e da Banda Municipal de Betanzos.

6 de febreiro de 1999

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación teatral *Finis Mundi Circus* polo grupo Mofa e Befa. Esta representación estivo enmarcada dentro do convenio asinado entre o Concello de Betanzos e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

7 de febreiro de 1999

Inaugurouse a Clínica Brigantium, o primeiro centro médico privado da comarca das Mariñas.

9-12 de febreiro de 1999

Ó longo destes días celebrouse na nosa cidade a segunda fase do Estudio Séneca sobre nutrición, subvencionado pola Unión Europea. As probas foron realizadas polo equipo da cátedra de Nutrición da Universidade Autónoma de Madrid, dirixida polo profesor D. Gregorio Varela e D^a Olga Moreiras. O mencionado estudio levouse a cabo en varias cidades europeas, e en Betanzos estivo coordinado polo doutor D. Juan Suárez Barros.

9-28 de febreiro de 1999

O Edificio Arquivo acolleu nestes días a exposición da serie de gravados *Los Caprichos de Goya*, unha colección de oitenta estampas, realizadas polos responsables da Calcografía Nacional en 1868. Esta mostra foi organizada por Caixavigo en colaboración co Concello de Betanzos.

13-17 de febreiro de 1999

Desenrolouse ó longo destes días o Programa de Festexos do Entroido elaborado polo Concello, no que tiveron cabida os bailes, atraccións para os nenos, concursos de disfraces, rematando co enterro da sardiña. Este ano houbo que chorar a morte de dous entroidos: o primeiro que foi queimado no adro de Santo Domingo por uns gamberros antes de tempo, e outro realizado pola Escola Taller, que si morreu á súa hora.

20 de febreiro de 1999

O político betanceiro, D. Xaime Alberto Pita Varela, tomou posesión do cargo de Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia, logo de ser nomeado polo Presidente, D. Manuel Fraga Iribarne, en substitución de D. Dositeo Rodríguez.


Don Xaime Alberto Pita Varela, viudo e pai de dúas fillas, naceu en Betanzos o 13 de xuño de 1944. É Profesor de E.S.O., e Diplomado en Técnicas Directivas polas Universidades de Navarra e Santiago. Exerceu a docencia como Profesor da Escola de Orientación Marítimo-Pesqueira e como Director Escolar. Participou en campañas de alfabetización de adultos en África, sendo Profesor de E.S.O. (Ciencias Sociais) en excedencia. É tamén empresario e artesán, responsable, xunto co seu irmán Emilio, da construción do tradicional Globo de Betanzos.

Desde 1983 ata 1998 foi concelleiro e portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Betanzos e candidato á Alcaldía da dita cidade nas eleccións de 1983, 1991 e 1995. É Presidente do Comité Local do PP en Betanzos, Secretario da Xunta Electoral Provincial da provincia da Coruña desde 1985 ata 1989, membro da Xunta Directiva e da Executiva Provincial da Coruña, así como Vicesecretario Provincial do Partido Popular, membro da Interparlamentaria Popular Galega, do Comité Executivo e do Comité de Dirección do PP en Galicia.

Desde 1989 é Diputado autonómico, sendo ademais na IV^a lexislatura portavoz adxunto do Grupo Parlamentario Popular, Portavoz de Educación, Secretario da Comisión de Economía e membro da Diputación Permanente. No 1995 foi nomeado Portavoz de Economía do Grupo Popular e da Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Desde o ano 1997, V^a lexislatura, é portavoz do Grupo Parlamentario Popular, cargo que segue a simultanear co de Conselleiro da Presidencia.





Estudios Blanco: Cesar

26 de febreiro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do traballo titulado *La peste de 1598 en Betanzos de los Caballeros, ciento y un días de angustia y desolación*, do que é autor o Cronista Oficial de Betanzos, D. José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira.

26 de febreiro de 1999

Con motivo das obras de remodelación da Praza de Enrique IV, realizouse neste día o derrubo das polémicas naves comerciais da Ponte Vella. As naves foran levantadas en solo público había xa preto de trinta anos.

27 de febreiro de 1999

O betanceiro Carlos Couceiro, falecido o 29 de xaneiro deste ano, foi homenaxeado no Teatro Principal de Ourense, polo Grupo Sarabela Teatro coa representación da obra *Os soños de Caín*, da que era coautor.

Carlos Couceiro era integrante da Compañía Sarabela dende había dez anos, e colaborou nas adaptacións de *Madame de Sade* de Mishima e *As sillas* de Ionescu. Adaptou *Xacobe e o seu amo* de Milan Kundera, polo que conseguiu o premio Compostela de Teatro no ano 1994. Foi adaptador así mesmo, de *Cama 2 x 2 para 2* de Sergi Belbel e *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor. Tamén foi coautor de *Afección* e *Tics* que, entre outros, levou o premio ó mellor texto teatral do F.E.T.E.N. de Xixón en 1998.



Anuario Brigantino 1999, nº 22

Febreiro de 1999

Os pais de alumnos do Colexio de Educación Infantil e Primaria Vales Villamarín, aprobaron neste mes a implantación da xornada lectiva continua, polo que, no curso 1999-2000 xa entrou en funcionamento o novo horario.

1 de marzo de 1999

Neste día foi enterrado o que fora funcionario municipal, actualmente xubilado, D. Hipolito Sánchez Deive.

Marzo de 1999

O Concello de Betanzos, en colaboración co Concello de Barcelona, iniciou no Colexio Público Vales Villamarín, o desenrolo dun plan informático deseñado para previr o consumo de drogas nos centros educativos.

3 de marzo de 1999

Profesores e alumnos do instituto As Mariñas inauguraron unha singular forma de reivindicación de melloras no edificio e a construción de instalacións deportivas. O acto consistiu nun partido de Fútbol-pista baixo paraugas, segundo eles mesmos denominaron, para chamar a atención das autoridades educativas.

4-6 de marzo de 1999

Tiveron lugar ó longo destes días na nosa localidade as XV Xornadas Didácticas de Inglés, organizadas pola Asociación de Profesores de Inglés de Galicia (APIGA) e a Facultade de Filoloxía Inglesa da Universidade da Coruña. Para o seu desenrolo contaron co patrocinio do Xacobeo 99, da Deputación da Coruña e do Concello de Betanzos. A inauguración tivo lugar na Aula Municipal de Cultura, e estivo presidida polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez.

13 de marzo de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Un corazón lleno de lluvia*, de Jorge Díaz, a cargo do grupo Miman Teatro.



Estudios Blanco: Cesar

16 de marzo de 1999

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ós deportistas betanceiros máis destacados no 1998. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira.

17-21 de marzo de 1999

Betanzos participou nestes días en Silleda en Turisport, dentro da Semana Verde de Galicia. Nela déronse a coñecer aspectos turísticos concretos como a Semana Santa, Festa do Viño, a Feira Medieval e as Festas de Agosto.

19 de marzo de 1999

A Organización Nacional de Cegos (ONCE) repartiu no sorteo deste día un total de 120 millóns na nosa localidade. O número premiado foi o 34.755 cun premio de 6 millóns por cada cupón. O número foi vendido no quiosco da Praza do Campo, que atende D. Francisco Couce Casandra. Os afortunados parece ser que foron turistas que se atopaban de excursión.

21 de marzo de 1999

As alcaldesas e candidatas do Partido Popular das provincias da Coruña e Lugo celebraron en Betanzos un encontro para intercambiar experiencias e proxectos para as súas respectivas campañas electorais. Actuou de anfitriona D^a María Dolores Faraldo Botana, candidata polo Partido Popular á alcaldía da cidade brigantina.

26 de marzo de 1999

No Pleno do Concello o concelleiro do Partido Popular, D. Jaime Alberto Pita Varela presentou a súa renuncia como edil, despois do seu nomeamento como Conselleiro da Presidencia.

Marzo de 1999

Despois de máis de cen anos de actividade, pechou as súas portas definitivamente a Imprenta Villuendas de Betanzos. Foi arredor de 1860 cando D. Manuel Villuendas trasladou para Betanzos este negocio, que instalara inicialmente en Carballo, e que pasou a ser un punto de referencia esencial dentro da historia cultural de Betanzos. Foi aquí onde se imprimiron moitos dos periódicos e revistas que hoxe podemos consultar no Arquivo Municipal, sen contar os primeiros números do Anuario Brigantino. Por este motivo o Pleno do Concello aprobou neste mes a adquisición de diversas máquinas e mobiliario desta imprenta a D. Manuel Villuendas, xa que, ademais do valor material para a historia da imprenta en Galicia, teñen tamén un importante valor sentimental para tódolos betanceiros.

26 de marzo de 1999

No Edificio Arquivo tivo lugar a inauguración da mostra Expotrén-Betanzos 99, organizada polo Concello en colaboración coa Asociación de Amigos del Ferrocarril y Tranvías de A Coruña. O Acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

A exposición tivo un carácter fundamentalmente didáctico e estivo formada por diversas maquetas nas que estaban representados trens de diferentes épocas, ademais dun conxunto moi variado de obxectos ferroviarios. Nin que dicir ten que tódolos visitantes gozaron coma nenos.

26-28 de marzo de 1999

No Edificio Arquivo tivo lugar unha mostra de porcelanas Lladró que organizou o Taller de Xoiaría Daniel de Betanzos.

28 de marzo - 4 de abril de 1999

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo membro da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, D. José Carro Otero, sobre o tema *Reflexiones Médicas sobre la Pasión de Cristo*. Un ano máis as rúas da cidade deron acollida ós desfiles procesionais que ano tras ano van recuperando a vella tradición coa incorporación de novos pasos, gracias a unha estreita colaboración entre a Igrexa, o Concello e distintas asociacións locais. Este ano contou coa novidade da procesión do Vía Crucis con Jesús Nazareno e o encontro ca Virxe María, que se sumaron ás do Santo Enterro, a Virxe das Dores e ós Caladiños.

Abril de 1999

O concello de Betanzos sumándose á celebración do Ano Santo Compostelán, peregrinou a Santiago de Compostela. Unha vez na cidade do Apóstolo foron recibidos polo Arcebispo, D. Julián Barrio e posteriormente o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez foi recibido polo seu homónimo santiagués, D. José Sánchez Bugallo.



Estudios Blanco: Cesar

2... de abril de 1999

A Semana Santa voltou ás rúas de Betanzos, seguindo a recuperar a tradición de séculos, gracias á colaboración da Igrexa, Concello e distintas entidades cidadáns.



Estudios Blanco: Cesar

14 de abril de 1999

Conmemorouse no Museo das Mariñas, diante da bandeira do Goberno Republicano no exilio, o 68 aniversario da proclamación da II República. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, quen estivo acompañado entre outras persoas, pola viúva de D. Francisco Javier Alvajar López, D^a María Josefa Castelo, dos concelleiros D. Antonio Lagares Pérez e D. Francisco Díaz Pereira, así como do Director do Museo das Mariñas, D. Alfredo Erias Martínez.

Abril de 1999

A moza brigantina, Paula Porca Belío, obtivo o primeiro premio da Comunidade Autónoma Galega no concurso de plástica *El Deporte en mi colegio*. O concurso estivo patrocinado pola editorial Océano.



Estudios Blanco: Cesar



15 de abril de 1999

Foi inaugurada no Edificio Arquivo a VI Mostra Documental de Betanzos, organizada pola Concellería de Cultura. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quen acompañaban o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, e diversos membros da Corporación Municipal. Ademais de poder contemplar documentos interesantes e curiosos da historia de Betanzos, os visitantes recibiron un catálogo de Publicacións periódicas de Betanzos no Arquivo Municipal, elaborado por Alfredo Erias Martínez e Xosé María Veiga Ferreira.

16 de abril de 1999

Os alumnos da disciplina de teatro do Instituto de Educación Secundaria Francisco Aguiar, representaron na Aula Municipal de Cultura tres obras *La opinión* e *Los Opositores*, de Antonio Martínez Ballesteros e *Aprobado en inocencia*, de Luís Peñafiel.

16 de abril de 1999

Por segunda vez en menos dun mes a ONCE, no seu sorteo dos venres, deixou en Betanzos 120 millóns de pesetas no número 73.665, vendido no quiosco da Praza do Campo que rexenta D. Evaristo Cagiao Sánchez.

Abril e Maio de 1999

A Delegación de Tráfico do Concello de Betanzos organizou un curso de Educación Vial nos centros educativos, que foi impartido polo cabo da Policía Municipal, D. Manuel Seijo. Participaron no curso máis de 600 alumnos de Betanzos e da comarca, sendo o obxectivo principal desta iniciativa achegar ós nenos ás normas básicas de comportamento en rúas e estradas.

18 de abril de 1999

Este día faleceu o médico brigantino, D. Julio Eugenio Vázquez Fernández, persoa moi coñecida e querida, tanto na nosa cidade como en toda a comarca. Aparte de exercer a medicina ó longo da súa vida, desempregou por algún tempo o cargo de concelleiro.

20 de abril de 1999

Os alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, apoiados por algúns profesores, levaron a cabo un paro en protesta pola guerra dos Balcáns e contra a intervención militar da OTAN.

Abril de 1999

A empresa *Aquagest* instalou en Betanzos un novidoso sistema de telecontrol da rede de abastecemento de auga. Trátase dun moderno sistema que permite, entre outras cousas, detectar posibles avarías, fugas na rede e coñecer en todo momento o nivel dos depósitos.

Abril de 1999

Con motivo da celebración do Día do Libro, o Departamento de Lingua Castelá e Literatura do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar, organizou unha exposición de carteis, obxectos e traballos sobre a vida e obra de Cervantes.

22-25 de abril de 1999

Tiveron lugar na nosa cidade ó longo destes días unhas Xornadas Técnicas de Policía Municipal, que reuniron a máis de medio cento de axentes de diversos puntos de España.

23 de abril de 1999

Os alumnos e profesores do Instituto de Educación Secundaria As Mariñas protagonizaron unha nova acción reivindicativa de cara a tratar de buscar unha solución ás deficiencias do centro. Nesta ocasión, ataviados con roupa adecuada, procederon a tapar con grava algunhas das fochancas existentes nos accesos ó recinto escolar.

Maio de 1999

Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos organizados polo Concello, con motivo da festividade das Letras Galegas, que este ano estivo dedicada a Roberto Blanco Torres. Para o seu desenrolo contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como as Xornadas de Portas Abertas no Museo das Mariñas e Unidades Didácticas de Fomento da Lectura na Biblioteca Municipal.

Maio de 1999

Como xa ven sendo habitual nos últimos anos, por estas datas chegou a Betanzos o Tren do Pasatempo, promovido polo Concello, Dirección Xeral de Política Lingüística e Renfe. A través desta iniciativa, cerca de dous mil escolares de toda a provincia visitaron neste mes e no seguinte o parque do Pasatempo, o Museo das Mariñas e o casco histórico da cidade.

2 de maio de 1999

O Club de Atletismo As Mariñas organizou a III Media Maratón Volta á Ría de Betanzos, que contou cun elevado número de participantes. Nesta edición o vencedor foi Marcos Fernández en categoría masculina e Elena Miguens en categoría feminina.

Maio de 1999


O equipo de fútbol da Madalena, proclamouse campión da liga de peñas. Esta liga reúne ó fútbol afeccionado da cidade e de toda a comarca.

4 de maio de 1999

Faleceu neste día o que fora empregado municipal D. Jesús María López Bouza.

5 e 7 de maio de 1999

Na Aula Municipal de Cultura e dentro dos actos organizados polo Concello con motivo das Letras Galegas, tivo lugar a proxección da película *O Desexo*, baseada no conto de Rafael Dieste *O Vello que quería ver o tren*. Seguiu unha charla-coloquio co director da película D. Miguel Castelo.



7-9 de maio de 1999

Celebrouse na avenida do Carregal a XIV Edición da Festa do Viño de Betanzos, que dou comezo coa lectura do pregón a cargo do Arquivreiro-Bibliotecario, Director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino, Alfredo Erias Martínez. O bo tempo animou a miles de persoas que se deron cita nesta festa, organizada pola Asociación de Colleiteiros, e na que se comercializaron máis de 20.000 litros de viño. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores: D. Julio Castro Edreira en branco e D. José Doporto en tinto. Na fotografía, o presidente da Asociación de Colleiteiros, D. Julio Castro Edreira.

Pregón da Festa do Viño

¡Excma. autoridades, donas e señores, amigos todos!

O viño está enraizado na nosa historia desde o nacemento da agricultura no Neolítico e o conseguinte xurdimento de poboacións estables. Procede de Asia ou do sureste de Europa.

A vexetación coa chegada do bo tempo dá os seus froitos. Pero o home por moitos segredos que coñeza para o cultivo das plantas, precisa de forzas superiores. Por eso as colleitas de calquera tempo adoitan estar cinguidas a festas e a manifestacións relixiosas nas que se dá gracias a Deus. E poucos cultivos están tan ligados a Deus como o do viño. O coñecemento segredo de como cultivalo acostuma estar relacionado con deuses, coma Osiris en Exipto, Dionisos en Grecia ou Liber (asimilado ó Baco grego) en Roma.

Estou certo que algo das festas da vendima dos antigos queda aínda en nós, sobre todo das «vinalia» e máis concretamente da «vinalia priora» do 23 de abril, que celebraba a chegada do viño novo, en honra a Xúpiter, como deus do bo e do mal tempo.

En Grecia o viño simbolizaba o sangue de Dionisos, representando o licor da inmortalidade. No Cristianismo non só simboliza o sangue de Xesucristo, senón que se converte nela para os crentes, no sacrificio da Misa.

No Israel bíblico do Antigo e do Novo Testamento o pobo identifícase coa viña de Deus, onde éste, Deus Pai, é o viñador, o agricultor; Xesucristo é a cepa, e os discípulos os sarmentos. O viño é sangue (pola súa cor), pero tamén esencia da planta e elixir de vida e de inmortalidade, símbolo de

coñecemento e de iniciación e, na Biblia, de ledicia e de tódolos bens que Deus deu á xente. E o Apocalipse simboliza o Xuízo Final coa imaxe dunha vendima xigantesca.

Lembro ben a Primeira Feira do Viño de Betanzos en abril de 1986 que agora se perde na memoria e que sementou a semente dunha manifestación festiva e económica que xa nunca máis se perdeu. Lembro os apuros de D. Tomás López Loureda, D. Andrés Cachaza e D. Luis Otero para que todo saíse ben. Daquel momento aínda temos un fermoso tríptico que falaba das bodegas de Betanzos. Quede este recordo como o meu humilde homenaxe para eles.

Pero se empezar ten mérito, ten tanto ou máis continuar e, desde logo continuouse. Porque o noso viño está moi dentro do noso ser, da nosa historia.

O cultivo ancestral da viña aparece testemuñado por Estrabón cando di que o viño escasea (non que falta) nos pobos do norte da Península. Pero ademais a arqueoloxía dinos que hai no noso contexto xeográfico restos de ánforas vinarias romanas.

Con maior precisión sábese que se expandiu nos vales abrigados e nas zonas costeiras de Galicia desde os séculos XII e XIII, debido á colonización monástica e ó nacemento das vilas. É precisamente ese o momento no que a xente de Betanzos o Vello se traslada a esta Vila de *Untia* (no ano 1219) para formar desde aquela a Vila e despois cidade de Betanzos. As viñas non só cubren grandes extensións de terreo, senón que o viño substituíu definitivamente á sidra altomedieval. Mesmo as casas campesiñas aproveitan tódolos espazos posibles, na eira e no curral, para cultivar baceis.

Sen pormenorizar en exceso, da importancia do viño no Betanzos da Baixa Idade Media dá conta o feito de que a primeira ordenanza municipal que se coñece (de 1490, pero ratificando outra antiga) refírese á preferencia dos viños da cidade e arrabaldes no mercado, prohibindo que se trouxeran, e mesmo que se beberan, viños de fóra. Desta maneira protexíase o noso viño, permitindo a súa entrada dentro das murallas da cidade desde o primeiro día da vendima ata o día de San Martiño.

Máis tarde, nas Ordenanzas de 1591 o Concello sinalaba o día en que tódolos veciños podían iniciar a vendima en cada montería, castigando ós que se adiantaran. Castigaban tamén o roubo de cepas e de uvas. As mesmas ordenanzas obrigaban a toda persoa que vendera viño a poñer o ramo de loureiro na porta, símbolo antigo de pureza e de perennidade, para que os cobradores do imposto de alcabalas o soubesen e o puidesen medir e rexistrar. Neste caso tamén se obrigaba a ter medidas fiables. Por certo que se castigaba a quen tivese naipes nas bodegas e tabernas, porque ó parecer pola afección de xogar había frecuentes escándalos, sen contar o feito de que moitos labradores deixaban de traballar por xogar.

O século XVIII é o da expansión máxima da viña, fenómeno que se coñece como «febre do viñedo». É a época de providións da Real Audiencia de Galicia a favor da conservación das viñas e contra o gando solto, sobre todo vacas e cabras que tamén gustaban dos acios. O inicio da vendima seguía a estar regulado pola autoridade e castigábase a quen se adiantase. Algúns creron que por telas viñas en fincas pechadas non lles afectaban as ordenanzas, que eso era só para as monterías, pero a xustiza non lles deu a razón.

Nin que dicir ten que o gremio de labradores, de orixe baixomedieval, e de antecedentes romanos nos «negotadores vinarii», era moi importante xunto coa súa confraría de San Antón Abade, e hoxe, moito despois da súa desaparición oficial, aínda vemo-la súa danza nas festas de San Roque e noutras, perpetuando o espírito dos antepasados.

A demanda de viño trouxo cepas de maior produción, pero menor calidade, cousa que se complicou co ataque do *oidium* ou cinza no 1854 e da filoxera no 1907 que obrigou á renovación de moitas cepas, aínda que algunhas resistiron ata os nosos días.



El Ideal Gallego: Pedro Puig

Por fin, o viño de Betanzos vive de novo un tempo brillante e, sobre todo, esperanzador. Hai hoxe tres asociacións que procuran o seu estudo e mellora. Precisamente unha das persoas que máis participou no nacemento da feira do viño, D. Luis Otero, foi quen me serviu de guía para un mellor coñecemento desta realidade actual.

Entre os viños blancos, o BLANCO LEXÍTIMO é a variedade mítica, a que se pode cualificar de excelente, e que se está a recuperar por varios colleiteiros. É o viño do que falaban os nosos avós. Descoñecido no resto de Galicia e que quizais sexa un *Chardonay* francés, puidérono traer os monxes cistercienses de Monfero.

Outros blancos prestixiosos son o AGUDELO e o GODELLO, afrutados, pouco acedos, pero con boa graduación alcohólica.

Introdúcese tamén hoxe o Albariño, que se dá ben, pero non é noso. E tamén persiste o Palomino ou «Jerez» de inferior calidade.

Entre os tintos, as variedades lendarias, en proceso de se recuperar, son: o ROIBAL e o SERRADELO. A facilidade con que foron atacados pola enfermidade chamada «podre» (*botritis cinérea*) explica que quizais foi substituído no pasado pola variedade MENCÍA, a máis representativa, afrutada, de moderado grao alcohólico e pouco acedo, pero con algúns problemas de conservación...

O reto, pois, está en atinar nas cepas que se axeiten mellor ás nosas condicións de clima e chan (quizais a 420 de A. Millardet), en voltar decisivamente ás terras de viñedo de toda a vida, sobre todo nas ladeiras que dan ó sur, por debaixo dos 90 m. de altitude, e en recuperar con decisión os nosos viños de alto prestixio que aínda non desapareceron: o BLANCO LEXÍTIMO e os tintos ROIBAL e SERRADELO.

Con esto e co mantemento de AGUDELO e GODELLO Betanzos acadará doadamente o prestixio de séculos pasados e o noso viño traerá de novo ledicia e prosperidade a todos. Ese camiño estase andando ¡Adiante, pois!

Da augardente hai menos que dicir pola sinxela razón de que está comunmente considerada como das mellores de Galicia.

Pero, baixando a pé de rúa, unha das cousas que máis me impresionan é o ambiente estético, social e espiritual das bodegas, que aínda desafían ó tempo, permanecendo en pé. Semella que entramos nun espacio case relixioso, aspecto que ten algo de certeza, posto que a bodega simboliza a interioridade espiritual, a cámara segreda, o recinto do tesouro en sentido místico, tal como aparece no *Cantar dos Cantares*.

Cando un entra nunha bodega semella que viaxase ó pasado. A súa arquitectura é moi simple, primaria, intemporal. Frecuentemente, catro paredes de pedra e un tellado, ambiente escuro, chan de terra, o lagar ó fondo e, no medio de bocois e de tinallas, unhas mesas de pino. Non hai finuras nin adornos, nin nada do outro mundo, pero está o principal: o viño, o noso viño de Betanzos. Con ese agallo imos alí provistos de tortilla, xamón ou calquera outra cousa das boas que temos, e sentamos á mesa. Conversa solta a cotío e de vez en cando, un grolíño. Así é como se debe beber.

Pois ben, hoxe Betanzos é unha gran bodega co ceo por tellado, con moito de comer e máis aínda de beber. Abertos ós catro puntos cardinais recibimos a todos, sexan aquí ou dacolá, con espírito ledo, o que corresponde á cidade de toda a vida, a que mellor representa o cerne mesmo de Galicia.

¡VIVA O VIÑO DE BETANZOS!
ALFREDO ERIAS
7-V-1999

8 de maio de 1999

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura, dentro dos actos organizados con motivo das Letras Galegas, unha representación a cargo da Agrupación Teatral Mariñán. Escenificou catro pezas breves: *A máis forte* de Strinberg, *Oración* de Fernando Arrabal, *A Estatua* de Ruibal e *A Tía Lambida* de Blanco Amor.

8 de maio de 1999

As estradas de Betanzos e da comarca víronse este día alteradas pola celebración da 17ª edición do Rally Internacional da Coruña, puntuable para o Campionato de Europa.

9 de maio de 1999

Celebrouse a XVIII Volta á Comarca Brigantina, organizada polo Club Ciclista Betanzos, e na que resultou gañador Francisco Javier Iglesias do equipo Superfroiz. Aproveitando este evento o club organizador editou un libro, no que recolle as actividades desenvoladas ó longo do ano, así como interesantes colaboracións.

10 de maio de 1999

O debuxante betanceiro, José Tomás Díaz, inaugurou unha exposición dos seus traballos na Cafetería Lanzós. A mostra que englobou debuxos e caricaturas, incluíu unha serie de cadros infantís, nos que se representaban, basicamente, animais.

12 de maio de 1999

Na Biblioteca Pública Miguel González Garcés da Coruña, foi inaugurada unha exposición de pintura de Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Director Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia, D. Homero José Mª Pérez Quintana. A mostra, organizada pola Consellería de Cultura, foi incluída nun circuito itinerante, que percorreu as principais cidades de Galicia. Con motivo da exposición editouse un libro-catálogo que recolle os cadros que conformaron esta mostra.



13 de maio de 1999

Alumnos e profesores dos centros educativos de Betanzos construíron cadeas humanas reivindicando a fin da guerra nos Balcáns.

14 de maio de 1999

Dentro do programa de actos elaborado polo Concello con motivo das Letras Galegas, na Aula de Cultura presentouse o libro *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro, Forza Segreda (teatro), Poemas inéditos e diversos*. Os autores desta recompilación literaria foron Concepción Delgado, Teresa Amado e Alfredo Erias.

Con esta obra, editada polo Concello, pretendeuse recuperar a memoria literaria sobre a obra dun autor mariñán practicamente descoñecido. A presentación correu a cargo do académico e catedrático da Universidade de Santiago, D. Xesús Alonso Montero.



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

14-16 de maio de 1999

Celebráronse ó longo destes días os actos conmemorativos do 150 aniversario do nacemento de D. Juan García Naveira. O Concello aproveitou este motivo non só para homenaxear a Don Juan senón tamén para amosar o recoñecemento da cidade de Betanzos á súa Familia.

A homenaxe comezou o día 14 coa inauguración da exposición *150 Aniversario do Nacemento de Don Juan García Naveira*, no Edificio Arquivo, na que se recolleu unha ampla colección de fotos e documentos sobre os irmáns García Naveira e as súas fundacións.

O día 15 na Sala Capitular do Concello, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado de diversos membros da Corporación Municipal, impúxolle a Medalla de Prata da Cidade a D. Jaime Lafora González, bisneto de D. Juan e representante da Familia. Neste acto tamén estiveron

Anuario Brigantino 1999, nº 22



Estudios Blanco: Cesar

presentes as netas de D. Juan: D^a Águeda, D^a Lourdes e D^a Joaquina. Os actos continuaron co descubrimento dunha placa conmemorativa do aniversario colocada nunha das terrazas do Pasatempo.

Neste mesmo día, na Aula Municipal de Cultura, tivo lugar unha conferencia de D^a Rosario Castells Vila sobre a figura de D. Juan, que tivo como broche un concerto da Coral Polifónica de Betanzos.

O día 16 os membros da familia García Naveira, acompañados da Corporación municipal realizaron unha visita ó Centro de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón, durante a que as alumnas do centro ofreceron unha actuación ós asistentes.

Posteriormente, oficiouse unha misa na capela da Residencia Irmáns García Naveira, seguida dunha comida de confraternidade cos anciáns e persoal da Residencia.

17 de maio de 1999

Celebrouse o IV Memorial Abel Faraldo de ciclismo, para as categorías de cadetes, infantís, alevíns e principiantes, organizada polo Club Ciclista de Betanzos.

17 de maio de 1999

Encadrado dentro dos actos celebrados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un acto de homenaxe literario-musical a Roberto Blanco Torres polo *Grupo Evocación*, actuando como narrador Manuel Basoa.

18 de maio de 1999

Dentro dos actos de celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Qui Pro Quo* a cargo do grupo Ollomol Tranvía.

18-31 de maio de 1999

No Edificio Arquivo estivo nestes días exposta a mostra *Galicia en Foco*.

19 de maio de 1999

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación teatral da obra *Catro contos da China* de Yang-Feng a cargo do Grupo Cachirulo. Este acto estivo organizado polo Concello para celebrar as Letras Galegas.

21 de maio de 1999

Tivo lugar un Concerto de Música Tradicional Galega a cargo do grupo Fiandola na Aula Municipal de Cultura. O acto estivo organizado polo Concello dentro do Programa de celebración das Letras Galegas.

22 de maio de 1999

Coincidindo coa celebración de Santa Rita, o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, fixo entrega das insignias de Betanzos ós funcionarios xubilados no pasado ano.

Anuario Brigantino 1999, nº 22

22 de maio de 1999

Organizado polo Concello, celebrouse na Praza da Constitución o II Encontro de Bandas de Música Cidade de Betanzos, coa participación da Banda de Música das Pontes, Banda Municipal de Carballo, Banda Municipal de Pontedeume e Banda Municipal de Betanzos.

23 de maio de 1999

Dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *¿que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50?* a cargo do grupo Pífano Teatro.

Maio de 1999

O Instituto de Secundaria As Mariñas celebrou neste mes unhas xornadas dedicadas á prensa. Entre os actos organizados tivo lugar unha exposición de xornais e dúas conferencias nas que participaron D. Manuel Guisande e D. Xesús Torres.

23 de maio de 1999

Con motivo da proximidade das eleccións municipais reuníronse en Betanzos os candidatos do PSdeG-PSOE a alcaldes na comarca das Mariñas, coa presenza do Secretario Xeral, D. Emilio Pérez Touriño.

24 de maio de 1999

Rematou a liga na Terceira División na que o Betanzos C.F. acadou o posto decimoterceiro.

27 de maio de 1999

No Estadio García Irmáns disputouse o Trofeo Airtel entre os equipos do Betanzos e o Deportivo da Coruña, o resultado foi de 3-0 a favor dos coruñeses, con goles de Bassir, Pauleta e Turu Flores.

29 de maio de 1999

Dentro dos actos organizados polo Concello para a celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Lazarillo de Tormes*, a cargo do grupo Teatro de Morcego.



Estudios Blanco: Cesar

4 de xuño de 1999

Alumnos do Colexio Vales Villamarín celebraron o Día Mundial do Medio Ambiente coa plantación de varias árbores. Os escolares nesta ocasión contaron coa axuda do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



Estudios Blanco: Cesar

4 de xuño de 1999

Tivo lugar a presentación do Grupo Especial Municipal de Intervención Rápida, composto por doce persoas. A súa función é a de colaborar en situacións de risco e asuntos como o coidado do medio ambiente, limpeza de ríos e o seu entorno, organización de tránsito rodado, así como calquera outra actividade puntual.

6 de xuño de 1999

Celebrouse a I Volta ás Mariñas Memorial Luís Lousa Bodmer. Esta proba que leva o nome do defunto presidente do Club Ciclista de Betanzos, dirixiuse a corredores de categoría junior. O gañador foi o corredor do Club Ciclista Vigués, Pedro Dacal.

8 de xuño de 1999

Na Sala Capitular do Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, recibiu un grupo de alumnos de Tarragona, que estiveron de visita na nosa cidade por un intercambio con alumnos do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar.

12-13 de xuño de 1999

Desenroláronse ó longo destes días as festas da Octava da Ribeira, unhas das de maior tradición no municipio.

13 de xuño de 1999

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados: PS de G-PSOE, 4.355 votos; PP, 2.607 votos; BNG, 884 votos. Obtiveron, polo tanto, a seguinte representación municipal: PS de G-PSOE 10 concelleiros, PP 5 e BNG 2.

17 de xuño de 1999

O betanceiro Xabier Ares, coñecido como Japi, e a súa compañeira Rita Melo regresaron dunha nova viaxe, que esta vez consistiu nunha peregrinación en bicicleta polas tres cidades santas: Jerusalén, Roma e Santiago. Percorreron 8.000 Km nunha aventura que comezou no mes de xaneiro e rematou neste día en Compostela. Á súa chegada a Betanzos foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



Anuario Brigantino 1999, nº 22

19 de xuño de 1999

No Estadio García Irmáns celebrouse a final da Copa de Peñas de Fútbol, que disputaron os equipos da S.C.D Globo de Betanzos e a S.D. Esperela, resultando gañador este último.

20 de xuño de 1999

Os pais de alumnos do Colexio Público Francisco Vales Villamarín concentráronse na Praza do Campo para protestar polas deficiencias do centro escolar. Este acto de protesta estivo apoiado pola dirección do colexio e a Corporación Municipal.

22 de xuño de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tiveron lugar as Xornadas Técnicas sobre o comercio, *Retos, avances y proyectos*, que estiveron organizadas pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Asociación de Comerciantes de Betanzos.

23 de xuño de 1999

Foron moitas as lumeiradas que se realizaron para celebrar a noite do San Xoán ou do solsticio de verán, nas que participan as familias, grupos de veciños e peñas. Este ano ademais das clásicas sardiñadas, xurdiron novas iniciativas como a dos bares da cañota, que organizaron unha churrascada gratuita con música tradicional ó aire libre.

25 de xuño de 1999

Presentouse na Aula de Caixa Galicia a segunda novela de Xabier López López, titulada *Doutor Deus*, que foi editada por Sotelo Blanco. O acto, organizado pola Asociación Cultural Eira Vella, contou coa participación da crítica literaria D^a Silvia Gaspar, o filólogo, D. Xosé María Dobarro, o editor D. Carlos Lema, e o escritor D. Xulio Cuns (véxase en Entidades Culturais, *Eira Vella*).

Xuño de 1999

Neste mes celebrouse en Santiago a I Cata de Augardentes de Galicia organizada pola Consellería de Agricultura, na que a caña betanceira, representada por Bodegas Vinsa, acadou o primeiro premio. É un xusto premio de recoñecemento da calidade do augardente de Betanzos a nivel galego. Na nosa cidade foi de sempre recoñecida tanto a súa calidade como a súa necesidade na dieta, non en balde se acuñou o dito: *Suba o pan e baixe a caña*.

26 de xuño de 1999

Celebrouse na Praza do Campo a VIII Edición do Día da Muíña, na que tomaron parte trinta formacións de diferentes lugares da provincia.

29 de xuño de 1999

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ó equipo de alevíns do Betanzos C.F. que recentemente se proclamou campión das Mariñas. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, que estivo acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e do Presidente do Betanzos, D. Julián García.



La Voz de Galicia: Sandra Alonso



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

2 de xullo de 1999

Na Sala Capitular do Concello o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, ataviado con traxe da época, presentou o Programa da II Feira Franca Medieval de Betanzos. No acto estivo acompañado por un numeroso séquito medieval.



Estudios Blanco: Cesar

3 de xullo de 1999

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:

PS de G-PSOE: D. Manuel Lagares Pérez, D^a María Asunción Sánchez Vázquez, D. Antonio Salvador Lagares Pérez, D. Antonio Carro Galeiras, D. Francisco Manuel Díaz Pereira, D. José Ramón García Vázquez, D^a María Beatriz Gómez Iglesias, D. Andrés Beade Dopico, D. Antonio Vázquez Lorenzo e D^a Ofelia López Campos.

PP: D^a María Dolores Faraldo Botana, D. Luís Alberto Carro Erias, D^a Lucía Romay Roldán, D. Manuel Amancio Agraso Carballido e D. Francisco Antonio Martínez García.

BNG: D. Andrés Otero Martínez e D. Xosé Isidro Doporto Santos.



*D. Manuel Lagares Pérez
Alcalde-Presidente*



*D. Mª Asunción Sánchez
Vázquez. Tte. Alcalde.*



*D. Antonio Lagares Pérez
Tte. Alcalde.*



*Dª. Ofelia López Campos
Concelleira*



*Dª. Mª Dolores Faraldo Botana
Concelleira*



*D. Luís Alberto Carro Erias
Concelleiro*



*D. Antonio Carro Galeiras
Tte. Alcalde.*



*D. Francisco Díaz Pereira
Tte. Alcalde.*



*D. Ramón García Vázquez
Tte. Alcalde.*



*Dª. Lucía Romay Roldán
Concelleira*



*D. Manuel Agraso Carballido
Concelleiro*



*D. Francisco Martínez García
Concelleiro*



*Dª. Mª Beatriz Gómez Iglesias
Concelleira*



*D. Andrés Beade Dopico
Concelleiro*



*D. Antonio Vázquez Lorenzo
Concelleiro*



*D. Andrés Otero Martínez
Concelleiro*



*D. Isidro Doporto Santos
Concelleiro*



Estudios Blanco: Cesar

1 de xullo de 1999

Na Sala Capitular do Concello e baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, tivo lugar a toma de posesión de novos funcionarios municipais: D^a Aurea Picado Brea, D. Rafael Fraga Varela, D. Antonio Calviño Novo, D^a Matilde Vázquez López, D^a M^a del Pilar Rodríguez Pedreira, D. Pedro Tenreiro Viqueira, D^a Susana Barral Vázquez, D^a M^a Fernanda Rojo Freire e D^a Estrella Rincón Martínez. Outros promocionaron: D^a M^a Teresa Morales Segade, D. Francisco Doural Cartemil, D. Antonio Vara Fiaño, D^a M^a José Purriños Aller e D^a Purificación Calviño



Estudios Blanco: Cesar

Os tres Alcaldes da democracia: D. Vicente de la Fuente García, D. Antolín Sánchez Presedo e (no centro) D. Manuel Lagares Pérez.

10 de xullo de 1999

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción, por parte de Alcalde e concelleiros, ós membros da Irmandade dos Viños Galegos. O poeta Manuel María fixo uso da palabra no nome dos compañeiros...



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar



La Voz de Galicia: Xosé Castro

Xullo de 1999.- O maxistrado betanceiro, D. Antonio Fraga Mandián ven de ser elixido Xuíz Decano da Coruña. Recentemente publicou un libro, con Manuel M^a Lamas Meilán, titulado *El Consentimiento Informado*.




9-11 de xullo de 1999

A II Feira Franca Medieval celebrada nestes días foi un ro-tundo éxito de participación e de público, que desbordou as estimacións máis optimistas.

Púidose disfrutar dun ambiente festivo no que a decoración das rúas, a xente vestida de época, os postos de artesanía e de gastronomía, os adiviños, os malabares, xogres e trobadores, as representacións de escenas históricas... deron ó casco histórico o aspecto e a vida da cidade medieval que foi nalgún tempo.

Dentro dos actos organizados para ambientar a cidade na época medieval hai que salientar a cea medieval, concertos de música medieval, representación do tributo das cen doncelas e a batalla das figueiras, unha poxa pública de bens, queima da bruxa, expulsión dos leprosos, partida de xadrez vivinte, cacerías, etc. A organización do acontecemento correu a cargo do Concello, que contou coa colaboración de asociacións, empresarios e comerciantes, así como unha gran participación dos cidadáns e de numerosos voluntarios.

A feira deu comezo coa representación do saúdo entre o Con-de de Andrade e o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, para a continuación pasar á lectura do pregón que realizou Alfredo Erias.



Pregón da 2ª Feira Franca Medieval

Ilustrísimo Sr. Alcalde, Reverendísimo Sr. Arcipreste de Xanrozo, rexedores, veciños da cidade e de máis aló:

Hoxe é un día importante para tódolos que estamos aquí, porque vimos dispostos a facer presente o mundo medieval do que naceu esta cidade. É, polo tanto, unha viaxe colectiva ás orixes e para min un motivo de grande honra que o noso Concello me convidase a pregoar tan grande acontecemento. Porque facer que Betanzos se transforme nun burgo medieval estrado de feirantes, bufóns e xentes varias é moi doado. A vida cotiá aínda ten hoxe moito de medieval. Aquí seguimos a ter as feiras que naceron no século XIII e tódolos martes, xoves e sábados, campesiños, panadeiras e outros máis enchen de cor o noso ancestral Campo da Feira.

Sabede que Betanzos naceu como vila de reguengo no 1219 en oposición ó poder dos abades dos mosteiros e dos grandes señores dos castelos. Naceu, como tantas outras da costa atlántica e cantábrica, para aproveitar os recursos dun novo medio de vida, a pesca marítima, favorecida pola desaparición dos vikingos e pola aprendizaxe de novas técnicas de navegación.

Tiña Betanzos, e sígueo tendo, dúas características típicas dunha cidade medieval de importancia: estaba amurallada, para defenderse dos cabaleiros «maos», portugueses ou quen fora; e contaba ó pé das murallas cun campo de feira. Deste xeito, a cidade medrou movida por campesiños, mariñeiros, mercadores e artesáns, coas feiras como gran crisol económico que atraía e atrae ós daqui e ós dacolá.

É verdade que no cumio da sociedade betanceira estaban os cabaleiros e as xentes de igrexa, pero é máis verdade que Betanzos se definía e se define hoxe polo traballo. Vede senón os nomes das rúas vellas, os gremios dos que aínda nos quedan as súas fermosas danzas. Lembra como foi aquí en Betanzos, xunto coa Coruña e Ferrol, onde naceu a Irmandade de Galicia capitaneada polo noso Alonso de Lanzós e que deu lugar á terceira e máis importante Guerra Irmandiña, a de 1467-69. Dela temos aínda a imaxe dormente (no seu sepul-



Anuario Brigantino 1999, nº 22

cro) doutro líder irmandiño noso, o mercador Afonso de Carvallido.

O pobo de Betanzos e os campesiños da comarca representaron daquela o poder dos humildes contra a forza dos cabaleiros dos castelos ou dos abades e arcebispos. ¿Ou é que tiña o pobo que soportar sen dicir nada os gravosos impostos, ou criar os infindos fillos dos cabaleiros? É certo que, ó remate, cidadáns e campesiños perderon no campo de batalla, pero tamén o é que unhas 130 torres dos castelos foron derrubadas. E aínda que hoxe nos gustaría que eses castelos estiveran en pé, a súa ruína non deixa de ser unha advertencia para os poderosos sen conciencia que desprecen e abusen do pobo humilde e traballador.

Por eso agora, co poder que me deu o Concello neste acto, podo convocar con toda autoridade a todos e cada un dos betanceiros, mariñáns e xentes todas que aquí estedes, a participar nesta Feira Franca Medieval.

E digo, ademais, que ninguén nesta feira é máis que ninguén. Cada un ten aquí o seu sitio.

Porque Betanzos é hoxe dos cabaleiros, si, pero tamén dos labradores e mareantes; dos alfaiates e ferreiros; dos prateiros, ferradores, cregos e zapateiros; dos frades; das panadeiras; das criadas, taberneiras e costureiras; das donas de longo brial e das fiandeiras e tecedoras; dos carreteiros e albardeiros; dos notarios e avogados; dos carpinteiros, lavadeiras, monxas e rosquilleiras; dos mestres, oficiais e aprendices; dos pobres e pelegriños; dos mozos e das doncelas, rapaces e rapazas, vellos e vellas, homes e mulleres que aquí haxa ou poida haber. A todos convoco a esta feira sen igual, a esta festa.

¡VIVA A FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS!
Alfredo Erias

10 de xullo de 1999

A ciclista betanceira Patricia Roel deu ó ciclismo galego a medalla de ouro, en categoría junior, no campionato de España de fondo en estrada celebrado en Córdoba. Convertese así na ciclista máis laureada do ciclismo galego, cunha medalla de ouro en cadetes e dúas en xuvenís.

10 de xullo de 1999

Visitaron a nosa cidade os rapaces expedicionarios da Ruta Quetzal Argentaria, que estiveron realizando un periplo xubiloso por terras coruñesas.

14-15 de xullo de 1999

A Confederación de Empresarios da Coruña organizou estes días na nosa cidade unhas xornadas sobre orientación e busca de emprego e creación de empresas, dirixidas a grupos xoves.

Xullo de 1999

Ó longo deste mes desenrolouse o programa Noites de Cine, no que se proxectaron varias películas ó aire libre. Este programa vense celebrando xa hai dez anos gracias a un convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello.

17 de xullo de 1999

No Edificio Arquivo tivo lugar a presentación da exposición *Betanzos y el mar*. O acto estivo presidido polo Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira, e a presentación correu a cargo de D. José Manuel Seijo Villamizar, estudante de Enxeñería Técnica Naval en Ferrol, e responsable da organización da mostra. Remarcouse a relación de Betanzos co mar, recuperando



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

unha parte da historia a través de fotografías, escritos, planos de embarcacións típicas da nosa comarca e das que viñeron a Betanzos en diferentes épocas. Unha parte estivo dedicada á Carpintería de Ribeira como símbolo dun oficio artesanal que co paso dos anos se foi perdendo. A exposición estivo patrocinada polo Concello de Betanzos e contou coa colaboración do Departamento de Construcións Navais da Universidade da Coruña.

23 de xullo de 1999

Na Praza do Campo tivo lugar o espectáculo de danza xaponesa ofrecido pola compañía Takigi-Mai, que representou a obra *A danza da fogueira*. Nela combinábase a danza tradicional xaponesa, co butoh, unha das vangardas dentro do baile deste país. O espectáculo chegou a Betanzos, única cidade galega na que se representou co patrocinio da embaixada de Xapón en España, a Embaixada de España en Xapón, a Asociación Japonesa en Madrid e contou coa colaboración de AllItalia e do Concello de Betanzos. O grupo estaba composto por un equipo numeroso que se achegaba ás setenta persoas e que votou varios días montando a rechamante escenografía e realizando os ensaios previos á actuación. Nun destes días foron recibidos na Sala Capitular polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar



Estudios Blanco: Cesar

25 de xullo de 1999

No Cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a súa vida por Galicia.



Estudios Blanco: Cesar

26-30 de xullo de 1999

Desenrolouse ó longo destes días na Aula Municipal de Cultura o curso *Cine e Teoría e práctica do cine literatura*, organizado pola Universidade da Coruña en colaboración co Concello. Nel analizouse a relación entre o cine e a literatura, coa participación de diversos especialistas. Ademais o curso tivo o seu espazo dedicado ó cine en Betanzos, impartido por Xulio Cuns e Alfredo Erias. Ademais da parte teórica houbo unha práctica coa realización dunha curtametraxe a cargo do betanceiro José Carlos Soler. O programa do curso completouse coa proxección de varios filmes, entre eles *El abuelo*, *Fendetestas*, *A noiva de medianoite*, *Tirano Banderas* e *Nena*. Na fotografía a presentación do curso

27 de xullo de 1999

Neste día a nosa cidade recibiu a visita de oito xinetes franceses vestidos coas roupas da Garda Real de Napoleón e tres coruñeses vestidos co uniforme do Rexemento do Real Corpo de Artillería, que combateron na Guerra da Independencia. Desta vez o seu paso por Betanzos foi moito máis pacífico e foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez diante do Concello. (Páx. seg.)



Estudios Blanco: Cesar

30 de xullo de 1999

Neste día a nosa cidade viuse practicamente invadida coa chegada de máis de tres mil xoves procedentes da Coruña, que dando rodeos para sumar os cen quilómetros que se precisan para obter a Compostela, realizaron a peregrinación a Santiago. A expedición foi organizada pola Conferencia Episcopal.



Estudios Blanco: Cesar

4 de agosto de 1999

Na Sala Capitular do Concello foi recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, un grupo de profesores e alumnos de arquitectura de Centroamérica, Cataluña e Galicia, que participaron nun estudio sobre a configuración arquitectónica da nosa cidade. No estudio estiveron representadas a Universidade da Coruña, a Politécnica de Cataluña, Universidade de Lleida, da República Dominicana, O Salvador e Nicaragua.

6 de agosto de 1999

D. Santiago e D. Antonio Naya Salorio entregáronlle ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, unha máquina de limpar cereais que data de principios de século XX, para que sexa instalada no Museo das Mariñas.

6-28 de agosto de 1999

Ó longo destes días desenrolouse o *Ciclo de Música e Danza*, organizado polo Concello e que estivo patrocinado pola Deputación da Coruña, Caixa Pontevedra, Caixavigo e o Xacobeo 99. As actuacións celebráronse no claustro do Museo das Mariñas, na Aula Municipal de Cultura, Auditorio do Pasatempo e Convento de San Francisco. Neste ciclo interviñeron o Grupo de Metais Sta. Cecilia, Cuarteto de Corda Matiz, Milladoiro, Ballet Georges Ballanchine, Dúo violín-chelo Cristina Anghelescu - Anupkumar Biswas, Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos, Banda Municipal de Música, Ballet Rey de Viana e o grupo Chouteira.

8 de agosto de 1999

O grupo galego Milladoiro presentou no Auditorio do Pasatempo, diante dunhas tres mil persoas que desafiaron á choiva para escoitalos, o seu novo disco *Auga de maio*. O concerto estivo incluído dentro do Ciclo de Música organizado polo Concello e patrocinado pola entidade bancaria Caixavigo.

10 de agosto de 1999

Os Alcaldes de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez e o de Bergondo, D. José Fernández Ramos agasallaron no día do seu centenario a D^a María Manuela Naya Zapata, quen non dubidou en viaxar de Barcelona a Betanzos para celebrar o seu aniversario rodeada da súa familia. D^a María naceu no lugar de Rois, do concello de Bergondo pero viviu moitos anos no lugar de Castro.



La Voz de Galicia Estudios Blanco

13 de agosto de 1999

No convento de San Francisco celebrouse o VI Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación *Carlos Seijo*, Coral Polifónica de Betanzos e a Banda Municipal de Música.

14 de agosto de 1999

Cunha multitudinaria asistencia de público, na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina Carmen María Santiago Vázquez. A lectura do Pregón correu a cargo este ano do poeta galego Manuel María. A continuación co disparo do garelazo foron soltadas vintecatro pombas como símbolo da paz e a liberdade.

Pregón das Festas

Raíña das festas betanceiras do San Roque 1999. Xentil Carmen María Santiago Vázquez e Corte de Honor.

Ilmo. Sr. D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos dos Cabaleiros. Betanceiros e amigos todos:

Entendemos que o noso primeiro deber como pregoeiro é solicitar licenza e render -como así o facemos moi gustosamente- vasallaxe á Raíña das



Arume



Anume

Festas e á súa Corte de Honor. Trátase, nada máis nin nada menos que dun reinado da beleza sobor da alegría. Un tempo breve e intenso como o da namorada pinga do orballo tremando emocionada sobor do pétalo da rosa ruborosa.

Moitísimas gracias por concedernos a honra e o privilexio de ler o pregón -como mandan os cánones- das Festas Betanceiras do San Roque deste ano 1999, un número cabalístico. Non facemos referencia ó fin de milenio, no que non acreditamos, porque as distintas culturas do mundo non todas teñen o mesmo sistema para contar o tempo.

En varias ocasións tivemos a inmensa sorte e a grande alegría de ler outros pregóns e dar ó vento das Mariñas os nosos versos para que os difundiran polo amplo mundo, nesta nobre e irreprochable cidade de Betanzos dos Cabaleiros e das Donas, que levamos moi dentro do noso corazón pois a súa beleza, como dixo o poeta, feriuunos para sempre.

Betanzos é a cidade ideal feita á medida do ser humano. Situada nunha terra ubérrima e rodeada por dous ríos -que son masculino como a cidade é o femenino- que lle cantan, cortexan e espellan, foi, século a século, conformándose no Castro de Unta cun afán de subir ó alto para mellor contemplar as estrelas e fundirse na case ilimitada grandeza do cosmos. Para o escritor finisecular Antonio de la Iglesia, Betanzos é «Verxel encantado ó que Deus concedeu a amenidade do Xordán e a fertilidade de Hebrón». E aquel grande mestre que foi don Ramón Otero Pedrayo ensinounos que «A cidade, no seu castro, aglomera rúas arcaicas de saudosa beleza que descenden ós vellos Peiraos, restos preciosos dos antes amplamente desenvoltos barrios de pescadores e conserva tres das portas das súas murallas». Álvaro Cunqueiro, namorado desta cidade da que tanto e tan ben escribiu, destaca que «... o importante de Betanzos é a total cidade, o engado dos vellos rincós, dos porches, dos peiraos e do fermoso e doce país, a veiga que é un xardín, maravillosamente cultivada... Hai unha luz propiamente betanceira, que non é da terra nin do mar. Eiqué apréndese aquilo do Dante cando fala do «doce tremar da mariña»».

A paisaxe das Mariñas e da súa capital marcou -e marca- ós betanceiros, dándolles unha especial singularidade. E xa que de betanceiros falamos non esquecemos ós Andrade que se enterraron como reis en San Francisco e dos que cabe preguntarse como na balada de Villon: «¿Onde están as neves de antano?». As nosas preferencias están con Pero de Ambroa e Pero Amigo de Escanoi, conocido como Pero Amigo de Sevilla, que no seu testamento datado en 1302, deixou a súa viola «a Pedro



Faraldo

Loçano jogar e que diga un paternoster cada día que con ella violar», poetas ambos con obra nos Cancioneiros galaico-portugueses cando a nosa lírica, xuntamente coa provenzal, era a máis importante de Europa. Lírica escrita en lingua galega a máis grande creación do noso pobo, transmisora da propia cultura, herdo recibido dos devanceiros, que temos que cuidar e depositala nos galegos do futuro a quen pertence. A lingua é o noso meirande ben cultural. Perdelo sería un atentado contra a beleza e empobrecer o mundo e a Cultura. Destas terras tamén era María Pérez a Balteira, xograresa de renome internacional que Alfonso X, o único Rei Sabio das Españas, empregou como embaixadora. E sobor de todo Antolín Faraldo, motor ideolóxico da Revolución de 1846, defensor da nosa persoalidade e dignidade como pobo, co que Betanzos e Galiza enteira está en débeda. O día 6 de outubro de 1907 aconteceu en Betanzos un feito histórico de enorme trascendencia cultural e política: por primeira vez empregouse o idioma galego nun acto público. O orador que o usou foi o escritor Manuel Lugo Freire. E o lugar o quiosco da música da Praza do Campo.

Para nós Betanzos -como Florencia, Compostela, Lisboa- é a perfección. Unha cidade que os poetas cantaron, amaron e aman fondamente. O concello preocupouse por conservar e espallar os valores culturais betanceiros, recuperando ós seus escritores. Desexámoslle e pedímoslle continúe este labor e o amplíe ata o límite das súas posibilidades. Entendemos non é esta a ocasión de lembrar a fecunda actividade cultural desenrolada nesta cidade, nen a súa gloriosa e apaixonante historia, contando os seus traballos e os seus días. Abonda con perderse polas súas vellas e fermosísimas rúas e deixarse ganar polo seu engado e o seu máxico misterio. Para eso non hai mellor compañeiro que os inspirados versos do gran pintor Urbano Lugo Freire:

¡Ou, Betanzos, Betanzos...! ¡Xardín vello,
vicioso xardín en que a botánica
saudosa e nobre dos antigos pazos
-magnolias, roseiras, limoeiros
e os camelios da choiva namorados-,
recende a outras edades, cortesías
en que as i-almas -¡que melro na figueira!-
esculcaban na noite os misteriosos
camiños con luar, setestrelados!
Era tamén o tempo en que as espadas
conquerían cibdades e cantigas;
e do sangue ruín nascían frores,
cintas, pombas, anelos e sospiros...



Arume

Pero todo ten o seu tempo e a súa sazón e hoxe estamos de festa maior. Nunha das festas máis antigas de Galiza pois data do 1416. Nada tan xusto e necesario como a festa na que nos abrimos, con gozo e optimismo, á inmensa alegría de vivir e os seres humanos esquecemos mezquindades para cultivar a fraternidade e o amor. O sentido dionísíaco da existencia entra en nós. Acoden á cita os familiares, os betanceiros que están lonxe, amigos e forasteiros para acompañarnos e escorrentar preocupacións, tristezas e melancolías. O mundo vólvese un camarada fiel e todo cobra unha nova dimensión. Son posibles tódalas ilusións e as fantasías teñen realidade.

Van comenzar en Betanzos dos Cabaleiros e das Donas as festas do San Roque que teñen un gran culto en toda Galiza, nestas datas toda ela unha inmensa romería. San Roque foi un home humilde como somos os galegos, bo, enormemente sacrificado e xeneroso que practicou sempre o ben. Represéntase co sombreiro, a vieira e o bordón de peregrino a Compostela. ¡Quen sabe se non pasou por Betanzos na súa devota peregrinaxe e non levou, para sempre, nos seus ollos, a fermosura e a dozura destas terras mariñáns e gardou no seu corazón a lembranza de nós como un tesouro!

Estas festas betanceiras son únicas polo globo e «Os Caneiros». O noso Alvaro Cunqueiro escribciu varios artigos referidos ó globo. Escolmamos estas sinificativas palabras súas para comprender mellor o inquedaente enigma que é -e non esaxeramos- o meirande espectáculo do mundo: «...Contar como se olla, na noite de San Roque, ascender no ceo betanceiro o globo ritual: lento, grave, sereno como un sol e como se acenden na barquiña o azul, o verde, o vermello dos fogos artificiais. O globo de Betanzos réxese por leis que lle son propias e que eu sosteño contradín as da aerostática en razón dunha cualidade ou calidade espiritual que é propia de Betanzos e dos betanceiros... Autárquico o globo ascende, pleno de luz, rodeado do brillante clamor das claras bengalas: unha grande rosa luminosa que por breves horas florece na cintura escura da terra... O globo de Betanzos é como unha enorme flor dourada. Ven do misterio e vaise ós celestiais xardíns. Eu vín poucas cousas tan fermosas e imposibles».

¡E Os Caneiros! ¿Que decir deles? Son unha romería máxica na que se xuntan, nun raro milagre de perfección os catro elementos clásicos que conforman o cosmos. A auga mansa do Mandeo, denantes unha alegre ave cantadora, agora remansada e meditativa, fixando a imaxe encantada da cidade para levarlla ó mar que é o morrer. O aire perfumado polo recendo dos xardíns e hortos betanceiros, nesta época unha delicada brisa, agarimando as cousas, ollando pasmado como a foguetería sanroqueña se abre como unha palmeira fantástica e maravillosa pasmando ó mundo. A terra en plenitude baixo a plena luz de agosto. É o lume dos nosos corazóns, que o viño betanceiro

mantén vivo. A perfecta paisaxe -pedir máis sería soberbia- que contemplamos dende as barcas engalanadas cando subimos cara ó Campo dos Caneiros. É o mesmo Campo. Despois o lento devalar da volta, cantando, escoitando a música da gaita, bebendo, comendo -afirmándose na vida- baixo a ollada centilante das asombradas estrelas. A Festa dos Caneiros é unha viaxe ó país dos soños máis felices e trascendentes. Ninguén o dixo tan ben como o poeta Uxío Novoneyra:

Cando o viño roxo que non perde o coor no cor
xa non abundaba a nosa sede
chegámoslos beizos a vasos máis fondos.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.

As mulleres eran verdadeiras como o viño.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.

A medida que o tempo pasaba alongábame da morte.

As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pró infindo do mar i a noite.

No milagre longo coidei seguir sempre nas barcas devalando

Gracias á romería dos Caneiros é posible beber o viño do inefable e alonxarnos da morte. Quen vive esta romería, coa sensibilidade desperta e os sentidos alertados, seguirá sempre, sempre devalando nas barcas dos Caneiros betanceiros: O paraíso máis perfecto do que o ser humano pode disfrutar neste mundo.

Nada mais. Felicísimas festas.

Moitas gracias pola vosa atención.

Manuel María

15 de agosto de 1999

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Susana Zas Presas, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. A continuación o mozo betanceiro, Javier Souto Santiso, deu lectura ó Pregón Infantil.



Faralito

Función do Voto

(16 de agosto)

Invocación do Alcalde a San Roque,
Patrón da Cidade
Señor San Roque

Me presento de nuevo ante Tu generosa imagen al frente de la recién renovada Corporación Municipal, que conducirá los destinos de Betanzos en el fin de este milenio y en el principio del próximo. Y lo hago con renovadas ilusiones, al tiempo que presento nuevas peticiones ante Tí, Nuestro generoso patrón, que desde hace más de quinientos años, eres el centro de las renombradas fiestas que en la actualidad están consideradas de interés turístico nacional. Tan continuada dedicatoria indica el agradecimiento de una Ciudad, peregrino de Montpellier y extraordinario protector de Betanzos y de los betanceiros, que cuando necesitamos auxilio y protección por la tremenda peste que nos invadía, no dudaste en ofrecérmola y en confortarnos con tu altruismo y solidaridad. Por ello, los betanceiros te llevaremos siempre en nuestros corazones y te recordaremos siempre con la misma ilusión y, si cabe, cada vez con mayor agradecimiento.

Betanzos es un municipio histórico que formó parte como capital destacada del Antiguo Reino de Galicia. Y hoy es el centro de una amplia cabecera de comarca y trata de ofertar cada vez, mejores y mayores facilidades comerciales, educativas, culturales, turísticas y de todo tipo. Siempre destacó por su solidaridad. Y esta solidaridad es la que hoy te renuevo en nombre de todos los ciudadanos. Porque Betanzos fue escenario a través de estos siglos de encuentros reales, de peregrinos que, como este año, se dirigen a visitar al Apóstol Santiago, de reuniones de hombres y mujeres para los más diversos acontecimientos. En innumerables ocasiones, las campanas de las iglesias nos recuerdan acontecimientos alegres o tristes, los bandos municipales conocieron hechos muy diferentes y los ciudadanos betanceiros mostraron sus deseos de formas muy variadas. Pero siempre, al llegar el 16 de Agosto, Tu presencia nos une, armoniza nuestra convivencia y nos recuerda que por encima del materialismo de este Mundo, hay acciones como la que protagonizaste que superan la capacidad humana y nos avalan el triunfo de la espiritualidad y de los valores eternos.

Como sigues siendo nuestro fiel Protector, te pido que remedies las miserias del mundo actual y alejes de nuestras vidas las pestes de la época moderna. Reconduce a los jóvenes en el camino de los valores auténticos y aléjales de la droga y del alcohol, que pueden ser unas de las lacras de inmensa profundidad, capaces de destruir la convivencia social y la armonía familiar. No permitas que las guerras asolen de tristeza muchos hogares y sustitúyelas por la paz y la fraternidad que deben de estar presentes en las relaciones humanas. Ayuda a las familias y a los enfermos y ampáralos para que tengan una vida digna dentro de la igualdad de los derechos humanos. Y protege especialmente a los más necesitados y a los ancianos que tanto trabajaron por favorecer la construcción del Mundo actual y que, en ocasiones, son objeto de desprecios y olvidos que no se merecen. Y en general, ayuda a todos los que necesitan Tu auxilio y de una manera más intensa a los desprotegidos.

Señor San Roque: Espero que los betanceiros y todos los ciudadanos, tengamos a nuestro lado Tu generosa aportación. Desde luego que Betanzos siempre te recordará y por ello, en su nombre, presento esta sencilla ofrenda que trata de dar continuidad a la cadena iniciada en 1416 y que siempre, al llegar estas fechas de Agosto, te renovaremos para agradecerte todo lo que hiciste por nosotros y para pedir que continúe tu mediación, colaboración y ayuda, para que encontremos el verdadero camino por el que deben discurrir nuestras vidas.

Que así sea.



Fersal



Foto: Alfredo Erias


16 de agosto de 1999

Como tódolos anos miles de persoas abarrotaron a Praza do Campo para contemplar o lanzamento do globo de papel construído pola familia Pita. Este ano foron moitas máis as persoas que puideron seguir o lanzamento gracias á súa transmisión por Internet, dentro da páxina web do Concello. O voo deste singular aerostato chegou ata o lugar de Merille no Concello de Coirós, percorrendo escasamente sete quilómetros.

17 de agosto de 1999

Celebrouse na Ponte Vella a cucaña con divertimentos acuáticos que organizou a ONG Bicis Pola Paz, e que contou coa colaboración do Concello.

A Asemblea de Galiza Nova realizou unha homenaxe a Antolín Faraldo, con motivo do Día da Galiza Mártir.



Estudios Blanco: César

18 de agosto de 1999

Na Sala Capitular do Concello, o poeta arxentino de orixe galego, **Carlos Penelas**, fixo entrega ó Concello de varias das súas obras, nas que ía incluído o poemario titulado *Valses poéticos*, libro que xurdiu en homenaxe ó músico Enrique Granados e do que sómente existen dez exemplares. Recibiu este presente o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. Carlos Penelas é autor dunha extensa obra literaria, sobre todo poética, pero tamén cultiva a narrativa e o ensaio. Obras súas son *El mirador de Espenuca*, *El Manantial* e *Os anarquistas galegos na Arxentina*.

18 e 25 de agosto de 1999

Como é tradicional, centos de lanchas engalanadas e ben provistas de viño e boa comida, sucaron o río Mandeo para chegar ó campo dos Caneiros, onde a música e a alegría reinan nestes días.



Anuario Brigantino 1999, nº 22

19 de agosto de 1999

Nesta data tomou posesión como Deputado Provincial o Tenente de Alcalde e Voceiro do Grupo Municipal Socialista, Antonio Lagares Pérez. Desde o ano 1983 veu representando ó Partido Xudicial de Betanzos neste cargo na Deputación Provincial da Coruña. Na etapa de goberno socialista foi Presidente da Fundación Hospital Provincial e Psiquiátrico de Conxo. Tamén presidiu a Comisión de Economía e Facenda entre os anos 1989-1995 simultaneando este cargo co de Voceiro do Grupo Provincial Socialista.



19 e 26 de agosto de 1999

Un grupo de xoves pertencentes á Asociación de Amigos dos Ríos de Betanzos (Arbe), fixeron unha limpeza do río dos restos ou residuos producidos con motivo da celebración dos Caneiros. Realizaron unha campaña de concienciación para que a festa non repercutise negativamente no medio natural.

20 de agosto de 1999

Dentro do programa de festexos organizados polo Concello, tivo lugar no Auditorio do Pasatempo un concerto do grupo *Los Suaves e Gandy*.

21 de agosto de 1999

Celebrouse no Polideportivo Municipal a final do Trofeo San Roque 99 de fútbol sala entre os equipos Casa Segundo e Don Compact-Tasca Fonte de Unta, resultando campión este último.

22 de agosto de 1999

Celebrouse a XV Travesía Ría de Betanzos, IV Gran Premio de Galicia de Ríos e Travesías, puntuable para a XII Copa Xunta de Galicia de Piragüismo, organizada polo Club Náutico Ría de Betanzos-Construcciones Vijoy. O vencedor foi o Club de Piragüismo Breogán do Grove.

23 de agosto de 1999

Celebrouse no Estadio García Irmáns o Trofeo Cidade de Betanzos de fútbol entre os equipos do Betanzos C.F. e o Racing de Ferrol. O gañador foi o equipo ferrolán por un gol a cero.

24 de agosto de 1999

Rendeuse homenaxe á comunidade galega cunha recepción do Alcalde na Sala Capitular do Concello, a un grupo de emigrantes betanceiros que se acercaron a Betanzos a disfrutar das festas.



Estudios Blanco: César

Anuario Brigantino 1999, nº 22



Estudios Blanco: Cesar

28 de agosto de 1999

No paseo da Galera foille dedicada unha praza a D. Julián Marcos Alonso, quen durante moitos anos desempregou na nosa cidade o seu oficio de notario. Ademais do desenvolto da súa actividade profesional, destacou por participar de forma directa e activa nos diversos movementos culturais desenrolados na nosa localidade ó longo de dúas largas décadas que estivo entre nos, polo que fora nomeado en 1984 Fillo Adoptivo de Betanzos. O seu falecemento en Salamanca o 31 de xaneiro do presente ano levou ó Concello a realizarlle unha homenaxe na Sala Capitular e dar o seu nome a unha praza no paseo da Galera, actos que contaron coa presenza da súa irmán D^a María Emilia, moitos dos seus amigos así como compañeiros de profesión. Os actos estiveron presididos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

10 de setembro de 1999

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino, nº 21. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da



Estudios Blanco: Cesar

publicación Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do Vicerrector da Universidade da Coruña e membro numerario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, D. Jorge Teijeiro Vidal. O Anuario Brigantino celebrou así o seu cincuentenario.

8 de setembro de 1999


Multitude de persoas chegadas de toda a comarca reuníronse na tradicional romaría dos Remedios para cumprir promesas, pedir favores ou simplemente acompañar á Virxe no seu percorrido.

Setembro de 1999

Para a creación dun novo vial de comunicación coa N-VI e dunha praza pública, a rúa do Rollo experimentou un notable cambio na súa fisionomía ó ser derribadas tres casas.

17 de setembro de 1999

A Orquestra Sinfónica de Galicia estreou no convento de San Francisco a obra *Concerto para trompeta*, do compositor brigantino Carlos López García. Algunhas das súas obras xa coñeceron o éxito como *La farsa de la búsqueda*, estreada no mítico Teatro Colón de Bos Aires, *Sindy*, que representou a Arxentina nunha mostra organizada pola UNESCO, ou *Ra-rá*, unha peza inspirada na Guerra Civil. Nos últimos anos a Orquestra Sinfónica de Galicia xa estreou *Elexía para un soldado* e *Fantasia Ecolóxica*.



La Voz de Galicia: Cesar Quiñ

18 de setembro de 1999

Como xa é tradicional, os brigantinos nados en 1949 celebraron o seu cincuenta aniversario cunha misa e un bo xantar.

Setembro de 1999

A Consellería de Educación autorizou ó Instituto Francisco Aguiar de Betanzos para funcionar como centro adscrito á Escola Oficial de Idiomas da Coruña, podendo impartir cursos do ciclo elemental do primeiro nivel de ensinanzas especializadas de idiomas.

25 de setembro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura representouse polo Teatro do Atlántico a obra *Vellos Tempos* do autor inglés Harold Pinter.

30 de setembro de 1999

Os pais de alumnos do Colexio Público Francisco Vales Villamarín de Betanzos realizaron unha concentración diante do colexio para protestar polas deficiencias do centro escolar, reclamando a atención da Consellería de Educación. a Asociación de Pais de Alumnos recolleu denuncias sobre estas deficiencias, as que foron presentadas en Sanidade.

30 de setembro de 1999

No sorteo da Lotería Primitiva celebrado neste día resultou acértante un boleto que foi selado na Administración número 1 de Betanzos. Ó agraciado correspondeulle a non desdeñable cantidade de 157 millóns de pesetas.

30 de setembro -10 de outubro de 1999

Ó longo destes días celebráronse na Aula Municipal de Cultura as I Xornadas de Rutas do Mundo, organizadas polo



El Ideal Gallego: Pedro Puig

Concello de Betanzos co patrocinio de Caixa Galicia e coordenadas por Xabier Ares. Nas mesmas participaron viaxeiros e aventureiros moi coñecidos como Juanjo Alonso que realizou a volta ó mundo en bicicleta, o alpinista Ramón Portilla que ascendeu 7 cumes, Ángel Fernández que realizou a Ruta da seda en bicicleta, Chus Lago a subida o Everest e Jesús González Green a Travesía do Atlántico en globo. Unha das atraccións máis espectaculares foi a realizada para clausurar estas xornadas, que consistiu na instalación dun globo na Praza do Campo, que causou a admiración e sorpresa de moitos betanceiros que se congregaron para seguir as evolucións do aeróstato, e moitos deles subiron para aproveitar dun pequeno voo.



Betanzos e a súa Comarca: Estudios Blanco

9 de outubro de 1999

Celebrouse no estadio García Irmáns o VII Trofeo da Amizade entre o Real Club Deportivo da Coruña e o Betanzos C.F., o gañador foi o equipo coruñés por 6 goles a 2. O capitán do equipo deportivista, Fran, recibiu de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez o trofeo.



22 de outubro de 1999

Faleceu na cidade de Bos Aires D. Carlos González García, neto de Don Juan García Naveira. Foi membro do Padroado García Naveira de Betanzos e colaborou co Concello na recuperación da finca do Pasatempo. Na fotografía aparece en compañía do Alcalde de Betanzos nunha das súas visitas a Arxentina.

Outubro de 1999

Neste mes foi creada unha asociación de axuda ós drogodependentes e ás súas familias. A asociación está composta por un grupo de cidadáns, algúns deles afectados polos problemas derivados do consumo de drogas.



Outubro de 1999

Coñeceu pola prensa que o betanceiro, D. Carlos Álvarez Teijeiro, Doutor en Comunicación Pública, ven de publicar un libro titulado *Fundamentos teóricos del Public Journalism*.

25 de outubro de 1999

O forte temporal de choivas e a coincidencia coas mareas cheas ocasionou o desbordamento do río Mandeu o seu paso por Betanzos, algo que xa ven sendo habitual nos últimos anos.



Estudios Blanco: Cesar

28 de outubro de 1999

A ciclista betanceira Patricia Roel foi recibida na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, acompañado do Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz Pereira e [de D. Juan Ventosa, directivo

do Club Ciclista de Betanzos]. O acto tivo como obxecto recoñecer a traxectoria desta deportista, que recentemente ven de proclamarse campiona nacional de ciclismo de fondo en estrada, en categoría júnior. Ademais hai que engadir o seu trunfo na Copa de España e o sexto posto no mundial de ciclismo disputado en Verona a principios do presente mes.

3 de novembro de 1999

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, entrevistouse en Santiago co Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga, a quen lle expuxo algúns proxectos para o desenrolo de Betanzos.

6 de novembro de 1999

Cunha exposición de coches de rallys na Praza do Campo e un acto celebrado na Aula Municipal de Cultura, presentouse oficialmente ó público e ós medios de comunicación a Escudaría Automobilística Betanzos, presidida por D. José Manuel Abad.



Estudios Blanco: Cesar

13 de novembro de 1999

Na parroquia de Guiliade celebrouse un acto de homenaxe a D. José Presedo, persoa que construíu o Globo das festas desta parroquia. O acto foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez que estivo acompañado de diversos membros da Corporación Municipal.

14 de novembro de 1999

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Un home que se parecía a Macbeth*, a cargo da compañía Uvegá Teatro.

22 de novembro de 1999

Os alcaldes e concelleiros do Partido Popular da comarca das Mariñas reuníronse na nosa cidade co presidente do PP coruñés, D. Antonio Couceiro.

27 de novembro de 1999

Na discoteca Acrópolis levouse a cabo o desfile Ciudad de Betanzos, de perruquería organizado pola academia Pelomanía coa colaboración do Concello e diferentes casas comerciais. A recadación do foi entregada a Cáritas no transcurso do acto.

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Arniches y los Quintero* a cargo da Agrupación Teatral Mariñán.

6 de decembro de 1999

A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o *Programa de Festexos do Nadal* organizado pola Delegación Municipal de Cultura Deportes e Benestar Social e Delegación de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Lara Fernández Vázquez e Jennifer Iglesias Paredes do Colexio Nosa Señora do Carme (Atocha), gañadoras do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.



Novembro-Dezembro de 1999

O Instituto Cervantes de Lisboa, baixo a dirección de D. José M^a Martín Valenzuela (foto da dereita), organizou unha mostra de pintura, debuxo e gravado do betanceiro Alfredo Erias. A presentación estivo moi concurrida, asistindo, entre outras autoridades e representacións, o embaixador de España en Lisboa, D. José Rodríguez Spiteri (foto da esquerda), así como diversos conselleiros da Embaixada (foto central), entre os que se atopaban (de esquerda a dereita) o galego D. Francisco Moldes Fontán (Educación), D. Juan Manuel Molina Lamothe (Asuntos Políticos) e D. Juan Manuel López Nadal (Cultura). O catálogo foi editado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia.

7 de decembro de 1999

Faleceu neste día D^a María de la Paz Fiaño Miravalles, quen fora durante moitos anos funcionaria municipal. Témoslle que agradecer desde o Arquivo Municipal, que recentemente depositara nesta institución un importante fondo documental e bibliográfico que pertenceu tanto á súa persoa como tamén á de seu pai D. Fernando Fiaño.

16 de decembro de 1999

Celebrouse a I Feira do Galo, organizada polo Concello para fomentar e promover determinados produtos tradicionais, dándolle especial relevancia ás feiras. Esta feira foi recuperada despois de sesenta anos en que se celebrou outra das mesmas características. Na organización participaron tamén a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Asociación de Amas de Casa, Agrupación de Vendedores Ambulantes e os vendedores do mercado municipal.


Ó concurso presentáronse trinta exemplares, dos que resultou gañador o de Juan Antonio Otero de Santa María de Ois. Os galos gañadores foron posteriormente subastados na Praza da Constitución alcanzando o prezo de 8.000 pts., que foron destinadas a Cáritas de Betanzos.

18-19 de decembro de 1999

O Edificio Arquivo acolleu estes días a primeira edición da Feira de Anticuarios e Almonedistas, promovido polo Concello, e que reuniu a uns vinte expositores de Estremadura, Galicia, Asturias e León. A mostra contou con gran asistencia de público e gran volume de negocio.

19 de decembro de 1999

A Agrupación Pablo Iglesias celebrou o seu centenario coa realización de diversos actos como unha ofrenda floral no parque que leva o seu nome e a colocación dunha placa conmemorativa na Casa do Pobo. A celebración coincidiu coa visita realizada por Pablo Iglesias a Betanzos hai cen anos para celebrar un acto no teatro Alfonsetti.



Sepulcro de Fernão Sanches (Museu do Carmo, Lisboa). Debuxo: Erias. Lisboa, 23-VII-1998

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1999
 REMATOUSE DE IMPRENTAR
 NO PRELO DE LUGAMI EN
 BETANZOS O 25 DE
 XULLO DO
 2000